



ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA NOVA CORPORACIÓN CELEBRADA O DÍA 11 DE XUÑO DE 2011, COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓNS LOCAIS DO DÍA 22 DE MAIO DE 2011.

No salón de sesións da Casa do Concello de Brión, sendo as 11 horas do día once de xuño de dous mil once, para dar cumprimento ao disposto polos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, e artigos 36 e 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, aprobado por R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, referentes á constitución das corporacións locais e á elección de Alcalde, reuníronse, en sesión pública, os señores concelleiros electos nas eleccións locais celebradas o día 22 de maio de 2011, que son os seguintes segundo a acta de proclamación de concelleiros electos formalizada pola Xunta Electoral de Zona de Santiago de Compostela de data 27 de maio de 2011:

- PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL: D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, D^a. MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ, D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS, D^a. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS, D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ, D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS, D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS E D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ.

- PARTIDO POPULAR: D. CARLOS TOMÉ FONDO, D^a MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO, D^a MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA E D^a MÓNICA PATO MAGARIÑOS.

- BLOQUE NACIONALISTA GALEGO: D. XESÚS PENA ESPÍÑA, asistidos do Secretario do Concello, D. JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, quen fai constar que foi cumprimentado o requisito que preceptúa o art. 7 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, como trámite previo legal para este acto; asiste igualmente D^a. ANA MARÍA GÓMEZ PEÑA, Interventora do Concello.

Finalmente se sinala que en cumprimento do preceptuado no art. 36 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, levouse a cabo un arqueo extraordinario con referencia á última hora da mañá do día 10 de xuño de 2011, que no seu caso estaría pendente de conciliación no suposto de que algunha entidade bancaria realizase algunha anotación posterior, preparado e actualizado cos xustificantes das existencias, depositados na caixa municipal ou entidades bancarias, que reflicte a seguinte situación:

- Caixa Corporación. Existencias en metálico: 291,53 euros. Anticipo de caixa fixa: 660,00 euros. Existencias en valores: 424.742,85 euros.

- Saldos totais en Bancos: 810.008,47 euros.

- Total Tesourería existencias en metálico: 810.960,00 euros; que se pon a súa disposición xunto coa documentación relativa aos bens do patrimonio da Corporación, que ofrece o seguinte detalle segundo a última rectificación do Inventario aprobada polo Pleno con data 21 de abril de 2010 á data de 31.12.2009:

- Inventario a 31.12.2009: 27.677.895,55 €; se ben faise constar por Secretaría que está pendente de aprobación polo Pleno a última rectificación do Inventario de Bens do Concello referida a 31.12.2010 que está tramitándose.

- FORMACIÓN DA MESA DE IDADE, XURAMENTO OU PROMESA, CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS PARA A ELECCIÓN DE ALCALDE.

Seguidamente procedeuse a formar a Mesa de Idade, integrada polo concelleiro electo de maior idade, de entre os asistentes, D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS que pasa a presidila, e polo de menor idade, tamén de entre os asistentes, D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS, e actuando como secretario da mesma o Secretario do Concello.

Logo de constituída a Mesa de Idade, pola mesma se procede a comprobar as credenciais presentadas ou acreditacións da personalidade dos electos, con base á certificación recibida da Xunta Electoral de Zona de Santiago de Compostela e, comprobado que se cumpre a esixencia determinada polos artigos 195.4 da mencionada Lei orgánica e 37.4 do referido Regulamento, pola Mesa declárase constituída a



Corporación, previo cumprimento do requisito legal de prestar xuramento ou promesa de cada un dos señores e señoras concelleiros/as asistentes, segundo dispón o art. 108 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, procedéndose a prestar persoalmente por todos os/as concelleiros/as o xuramento ou promesa.

Acto seguido continuouse, de acordo co que dispón o artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, á proclamación de candidatos para a elección de Alcalde, de entre os concelleiros/as que encabezan as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas eleccións locais, resultando presentados e proclamados os seguintes:

CANDIDATOS. LISTA OU CANDIDATURA NA QUE ESTÁN INTEGRADOS.

1) D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL.

2) D. CARLOS TOMÉ FONDO. PARTIDO POPULAR.

3) D. XESÚS PENA ESPÍÑA. BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.

-. ELECCIÓN DE ALCALDE.

Acto seguido, de acordo co que dispón o artigo 196 da Lei orgánica 5/1985, do réxime electoral xeral, procedeuse á elección de Alcalde, iniciándose a votación para elixilo de entre os candidatos proclamados a este cargo, obténdose o seguinte resultado:

1) D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. Número de votos obtidos: 8.

2) D. CARLOS TOMÉ FONDO. Número de votos obtidos: 4.

3) D. XESÚS PENA ESPÍÑA. Número de votos obtidos: 1.

Obténdose por D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA a maioría absoluta dos votos emitidos polos/as concelleiros/as é proclamado Alcalde electo do Concello de Brión, segundo dispón o art. 196.b. da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño.

De seguido o concelleiro que resultou elixido como Alcalde deste Concello, D. José Luis García García, integrado na lista do Partido dos Socialistas de Galicia-Partido Socialista Obrero Español, previa nova promesa na forma anteriormente mencionada, toma posesión do seu cargo neste mesmo acto, pasando a ocupar a Presidencia, e sinala que é para mín un honor volver a tomar posesión como Alcalde de Brión; un honor e por suposto unha responsabilidade máis aínda cando a decisión dos votantes foi tan clara e outorgounos unha vez máis a maioría absoluta para gobernar.

Nesta primeira intervención miña como Alcalde deste mandato quero en primeiro lugar iniciar unha rolda de agradecementos:

En primeiro lugar a todos os veciños de Brión pola súa participación o pasado 22 de maio; desde logo aos nosos votantes que fixeron posible esta victoria; ás concelleiras e concelleiros que me acompañaron na lista e que hoxe co seu voto me convertiron unha vez máis en Alcalde; ao persoal deste Concello cuxo traballo exemplar durante os últimos anos fixo que a xestión se poidera considerar un éxito, e fixérono con independencia da súa ideoloxía ou preferencias poñendo sempre por diante á institución e os intereses dos nosos veciños.

Tamén debo felicitar a todos os concelleiros pola súa elección, sexan os do meu grupo de goberno, sexan os da oposición.

É tarefa igualmente honrosa a de xestionar como a de controlar a xestión, sempre que dito control se faga desde o respecto e a crítica construtiva.

Os piares sobre os que se constrúe o noso programa de goberno son coñecidos, cremos que nestes tempos difíciles se debe intentar reducir o gasto corrente, manter todo o posible a inversión, e seguir incrementando o gasto social, ademais de facer todo o que estea nas nosas mans para colaborar na creación de emprego.

En todo caso quero desde aquí tender a man aos grupos da oposición e asegurarlles que o diálogo, aínda que sexa desde a discrepancia, será sempre o que presida a nosa forma de actuar.

Estamos dispostos a ter en conta calquera asunto que poida ser beneficioso para os veciños de Brión. Espero atopar esa mesma forma de actuación na oposición e que desboten calquera tentación de crítica destrutiva ou de demagoxia. Moitas grazas.



E non habendo máis asuntos que tratar deuse por rematada a sesión, levantándose a mesma cara as once horas e dezasete minutos, de todo o que como Secretario certifico, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde.

O Alcalde.
Vº e Praxe.

O Secretario.

Asd. José Luis García García.

Asd. Javier Nieves González.